



CARTA ÁS FAMILIAS DO CEIP ESCULTOR ACUÑA

Mércores, 1 de abril de 2020

Prezadas familias:

Dende o noso equipo educativo (equipo docente e persoal non docente) desexamos que nestes momentos complicados, e con novidosos retos persoais e colectivos, tanto vós como o voso entorno familiar se atope nas mellores condicións de saúde.

Os nosos obxectivos céntranse, ante todo, en axudarvos a levar este confinamento co maior apoio anímico e educativo que poidamos ofrecer. Cada día temos novidades sobre as decisións de manter este estado de alarma e as súas consecuencias sociais e educativas. Dende o CEIP Escultor Acuña teredes toda a información institucional sobre temas que agora puidesen preocuparvos: *posible volta á educación presencial, tarefas educativas para o noso alumnado, avaliacións e entrega de boletíns, desenvolvemento virtual do terceiro trimestre, etcétera*. Pregamos esperedes ás comunicacións verificadas dende a Administración que remitiremos dende o centro. Neste momento hai moita información que pode producir confusións.

Para nós tamén esta situación esixenos desenvolver novas competencias persoais, novos hábitos e novas formas de entender a nosa profesión. Tentaremos estar á altura do reto prantexado coas ferramentas telemáticas que temos á nosa disposición.

Por riba de todo, lembrar que é unha situación excepcional, posiblemente irrepitible, e que como tal debemos pensar e actuar. Os nosos **principios de actuación** están a ser os que seguen:

1. Cercanía e contacto directo coas familias, comprensión da excepcionalidade da situación e apoio non só educativo senón tamén moral.
2. Ofrecer un modelo educativo viable, progresivo, agradable e orientado claramente a competencias (lingüísticas, matemáticas, persoais, dixitais, etcétera), non a contidos. Así naceu a nosa [Aula Virtual](#).
3. Personalizar, na medida do posible, medidas complementarias para o noso alumnado que requira de necesidades educativas específicas, dende todo o equipo docente e baixo a dirección e coordinación do Departamento de Orientación.


Conforme ós principios citados, estas son as **actuacións xa en marcha e as novas propostas**:

1. Seguiremos contactando con todas as familias telefonicamente para coñecer a súa situación e o estado de saúde física e anímica dos nenos e nenas. A nosa idea é realizala quincenalmente.
2. Seguir apostando pola Aula Virtual, como modelo e referencia. Importante entender a Aula Virtual como un lugar de encontro, de crear hábitos e sentirse orientado



educativamente. Non foi creada para crear angustia ás familias nin ao alumnado. Invitarvos a participar nos Foros dos distintos cursos para manter un contacto virtual e de apoio ás tarefas ofertadas: (Foro de Presentación e Foro de Dúvidas).

3. Abriremos, a partir do xoves 2 de abril, **unha liña telefónica** para que o noso alumnado e as familias poidan ser atendidos polo *Orientador* sobre temas de xestión de ansiedade ante a nova situación, dificultades na convivencia, etcétera. A idea inicial é ofrecela, diariamente, en horario de 11:00 a 13:00 horas. **Número : 604034267 (Alfredo)**
4. Ao final da semana, sobre o 3 de abril, remitiremos ás familias un cuestionario online para saber como estades a levar esta situación de confinamento , das dificultades para acceder ao noso espazo web (aula virtual, páxina web, foros, etcétera) co obxecto de coñecer se esta metodoloxía está sendo accesible e, ao mesmo tempo, como estades a xestionar coas vosas fillas e fillos as propostas educativas.
5. Crearemos novas propostas en familia como un **concurso de creatividade: « Escultoras e Escultores na casa»**, con debuxos, creacións, etcétera que subiremos á *Galería Fotográfica* da nosa web para votar, facer comentarios e incluso gañar algún premio, etcétera.
6. Seguindo as instrucións da Consellería de Educación remitiremos **os Boletíns de notas do segundo trimestre** (finalizado o venres 13 de marzo) **a partires do venres 3 de abril** pola aplicación **abalarMóbil**. Prégase a súa descarga nos móbiles a través da tenda virtual **Google Play** ou a **App Store**. Os **números de teléfono móbil deberán estar actualizados** na aplicación **Xadeweb** para o seu correcto funcionamento. De non ser viable, buscaríamos outras alternativas. Somos conscientes da excepcionalidade da avaliación deste trimestre. Pregamos que sexan tomadas soamente como unha referencia informativa da evolución académica.



Desexando vencer esta pandemia con solidariedade, paciencia, empatía e disciplina social positiva, enviamos unha forte aperta virtual e esperando que pronto sexa presencial. Moitas grazas.

O Equipo Educativo do CEIP Escultor Acuña